


De marzo a marzo

De Cristina Mariño e Carlos Castrillón

Dirección: Cristina Mariño

Juani Hernández José Piñeiro Alberto V Graña
Franki Muíño Marga G Pita Carmen Caeiro Miguel Curveira
Alexis Sequeiro Alba Santalla Luis Pillado



(Casa obreira na actualidade. Avó traballando na maqueta dun barco, asubía unha canción. O neto entra pola porta e lanzando a mochila, senta e empeza a cargar unha partida na video consola.)

LEO: Ola.

MANOLO: E logo que fas ti por aquí? Non téis clase?

LEO: Tiña, pero hoxe estamos de folga.

MANOLO: E logo?

LEO: E logo, qué?

MANOLO: Vaia, ho. Seica facedes a folga por internet?

LEO: Había unha manifestación. Pero eran catro pringaos e preferín virme para a casa.

MANOLO: Para aproveitar o tempo coa consola, non?

LEO: Si. É que estou aí atascado nunha fase cuns rusos que compraron uns tanques que non hai quen poida con eles.

MANOLO: A verdade é que os rusos sempre foron moito de tanques.

LEO: E de cartos. Calquera día deixo esta merda. Aquí sempre gaña o que pon máis cartos.

MANOLO: Ah, pero a parte do diñeiral que custan eses aparellos aínda tedes que pagar para xogar?

LEO: Non téis por que. Pero se non pagas non pasas de ser un manta, por moi ben que xogues.

MANOLO: Xa.

LEO: E ti que tal co barquiño ese?

MANOLO: Xa case está. Fáltame acabar de asentatalo, o máis difícil é poñer en pé os mastros, porque...(dase conta de que o neto está completamente absorto cos cascos postos.) ... bah. Cousas de vellos.

(Entra a avoa da rúa cunha esterilla enrollada. Vén de pilates.)

MARUXA: Mira que ben están os dous señoritos. E as patacas? Están peladas?

MANOLO: Aínda é cedo muller.

MARUXA: (Mira o reloxo.) Oh. Pois tés razón. (Fai lle sinais ao neto para que saque os cascos. El non se entera. Ela ábrelle un casco e fálalle.) Mira unha cousiña. E os teus pais saben que estás na casa en horas de escola?

LEO: Sii... Díxenlle ao meu pai que hoxe tiñamos folga e díxome que fixera o que me dera a gana. (Segue a xogar cos cascos.)

MARUXA: E logo por que había folga? (El non escoita.) QUE POR QUE ERA A FOLGA??

LEO: Non me berres, que xa lle quitei o volume. Que pasa?

MARUXA: Iso digo eu. Que pasa? Por que ides á folga?

LEO: Nada, polo cambio climático e esas movidas.

MARUXA: Pois iso está moi ben, porque a terra é a nosa casa e hai que coidala.

LEO: Si, pero eu paso desas movidas. Eu non creo niso.

MARUXA: Que non cres en que?

LEO: En nada. Ti pensas que vai cambiar algo porque un grupo de pringaos saia á rúa cunha pancarta polo medio de Ferrol? Eu paso.

MARUXA: Manolo, dille algo.

MANOLO: Así nos vai, Maruxa.

(A avoa ponse cos preparativos da comida.)

LEO: Pero que facedes. Oh! Que nos están machacando! Cubride ao compañeiro e non vos dispersedes.

MARUXA: Pero que fan a manifestación por internet?

(O avó encolle os ombros e segue ao seu.)

(Entra o MANU apurado.)

MANU: Hoxe non podo vir xantar. Vistes as chaves que teñen un cordón amarelo?

MARUXA: Que chaves?

MANU: As chaves do choio. As chaves da taquilla. As chaves que non podo perder.

MANOLO: Axúdoche a buscalas.

MANU: Deixa que xa as busco eu. (Dalle no ombro ao fillo.) Que?

LEO: Que de que?

MANU: Que se viches as chaves.

FILO: Que chaves?

MANU: Que chaves van ser? As chaves do choio.

LEO: E non serán esas que levas colgadas?

MANU: Que non, que estas non son. Son unhas que teñen un cordón amarelo.

LEO: Pregúntalle a mamá.

MARUXA: Pregúntalle a mamá. O mundo está tolo pero hai cousas que non cambian.

MANU: (Berrando para fóra.) Ana, viches as chaves?

ANA: (Desde fóra.) Que chaves?

MANU: As chaves do choio.

TOD@S MENOS MANU: As do cordón amarelo.

ANA: (Desde fóra.) Primeiro puxéchelas na entrada.

MANU: Pois aquí non están.

ANA: Despois gardáchelas no abrigo.

MANU: Que non, que xa mirei. (Revisa os petos.)

ANA: E logo metíchelas na carteira para non perdelas. (El revisa.)

MANU: E por que non están?

ANA: (Entrando coas chaves na man.) Porque ao final molestábanche e puxéchelas na mesa de noite para non esquecelas.

MANU: Damas, que teño que marchar.

ANA: Que pasou?

MANU: Nada, que o barco ten que saír hoxe e temos que rematalo para que nos poidan botar a nós.

ANA: Vale, xa falaremos.

(A nai fai aceno de darlle as chaves, pero retira a man esixindo un bico. Cando se van bicar soa o pinganillo da nai, responde en automático e despídese do home por xestos.)

ANA: Si? Si, agora. Pero viches o boceto, non? Como que máis azul? Pero estes non teñen idea de cartelería. Que non se van ver as letras. Para que queren un cartel se non se ve o que anuncia? Ai, pois son as que temos. Como que máis opcións? Máis opcións non temos, que nos come o tempo. (Mira a hora, ve ao fillo. Tapa o pinganillo.) E ti que fas aquí?

LEO: (Disparando. Berra cos cascos postos.) Estamos de folga!!

ANA: (Ao pinganillo.) Non, nada, nada. (Ao fillo.) Chhhsssttt! (Ao pinganillo.) Que non Irene, que non era por ti, muller. (Disimula. Dalle no brazo ao rapaz.)

LEO: Ai! (A nai faille un xesto para que cale dunha vez. Volve tapar o pinganillo. Fálalle á avoa.)

ANA: Maruxa non me vou poder sentar a comer. Despois collo calquera cousa. (Ao pinganillo e marchando.) Si, muller, eu mándocho, pero vai ser unha trapallada...

MANOLO: Así vai o mundo.

(A nai marcha a traballar. A avoa segue cociñando e fálalle ao neto.)

MARUXA: Ti, fóra cascos. Fóra cascos!

LEO: Pero que queres?

MARUXA: A ver, zafarrancho. Ponte a facer os deberes, que logo vas querer saír.

LEO: Hoxe non teño nada.

MANOLO: Menudo choio.

LEO: Que non, non sexades pesados. Vedes? (Sacando o móbil.) Os que foron a clase xa me enviaron unha foto e hoxe os mestres non nos puxeron deberes.

MANOLO: E foron moitos a clase?

LEO: Os de sempre, os chapóns e os pelotas. Éses por non perder un día de clase non saen do instituto aínda que lle prendan lume.

MARUXA: Pois ti es medio esquirol tamén, dándolle aí ao mando ese. Xa verás cando teñas que pagar por respirar, a graza que che vai facer. Verdade, Manolo?

MANOLO: Eu cando tiña os teus anos e estaba de aprendiz na Bazán, xa nos manifestáramos diante do Parador, nos anos 60, en plena dictadura. E non digo máis.

MARUXA: Nos nosos tempos tomábamos a vida en serio. Eu érase moi revolucionaria, máis que o teu avó.

MANOLO: A ver, Maruxa, menos lobos, que eu tiña ficha policial.

MARUXA: Ficha policial? O que pasa é que a min non me collían porque me escondía nos portais. Que na guerra e no amor hai que andar lixeiro. (Explícase cun coitelo na man.)

LEO: Como vos poñedes, eh?

MARUXA: Lixeiro, rapaz, lixeiro. E se non tés que facer axuda aquí.

LEO: Vale... Pero así, que saibades, que con tanta interrupción nunca vou chegar a nada.

MARUXA: Como que a nada? Saber cociñar é básico na vida.

LEO: Se todos soubéramos cociñar irían ao paro os pedaletas de Glovo. Hai que ter conciencia de clase, avoa.

MARUXA: Meus pobres... Andar coa lingua de fóra para gañar un patacón.

MANOLO: A verdade é que o teu neto é moi profesional niso da consola.

MARUXA: Non me digas?

MANOLO: Está nun bo equipo. Ademais este ano os Mascabalas ficharon a un rapaz murciano de doce anos que é un crack.

LEO: O Pirri. Menuda máquina. Tres mortos mínimos garantizados, o tío é un neno rata, pero é pura calidade.

MANOLO: A día de hoxe os únicos que lles poden facer fronte aos Mascabalas a nivel nacional son Bulletproof, Walhala team e Rapañeiros-squad.

LEO: Ben falado, avó. Se é o que eu lles digo. Se entrenáramos seis horas diarias o disparo en movemento seríamos imparables.

MARUXA: Oes, Manolo, e ti como sabes tanto disto?

LEO: Si, que grima! Como sabes tanto disto?

MANOLO: Porque aínda que ti non me escoitas, eu si que te oio a ti. Ademais, son seguidor do teu canal.

LEO: (Collendo o móbil.) Estás nos supscritores? Como te chamas?

MANOLO: Abueletemajete43.

LEO: Buah! Flipo, chaval. Lévasme seguindo tres anos. Que forte!

(Soa o timbre.)

AMALIA: (Desde fóra.) Estadés na casa?

MARUXA: Non, entra a roubar.

(Entra Amalia cunha pota. O avó vailla coller.)

MANOLO: Bo día, Amalia.

AMALIA: Bo día Manolo.

MARUXA: Como que Manolo, estás falando co mismísimo Abueletemajete63.

LEO: 43!

AMALIA: (Ao avó.) Pero estes que din?

MANOLO: Non fagas caso, caralladas deles.

MARUXA: E logo que, Amalia?

AMALIA: Ai, Maruxiña, da medo abrir o periódico. O prezo da luz, o paro, a xente que morre afogada nas pateras, a variante delta omicron plus plus, o recurso de amparo ao constitucional e todos eses ciberfraudes que me traen tola. Polo resto, tirando...

MANOLO: E como lle vai a Andrés?

AMALIA: Fatal. O lombo rebentado, catro hernias. E co tempo que levan sen cobrar. A ver se chegan a un acordo, porque ademais, agora coas xemelgas na universidade...

MANOLO: Xa, pero os acordos non veñen sós.

AMALIA: Rematan hoxe o barco. Non che dixo o teu fillo?

MANOLO: Ultimamente non falamos moito. Chega canso e case vai directo á cama.

MARUXA: (Cambiando a conversa.) E logo que traes na pota?

AMALIA: Fixen callos. E ti xa sabes que eu só sei facer callos para dez.

LEO: Callos... Puagh. (Disimulando.)

MANOLO: Aquí agradécense. Non é por faltar á compañeira, pero callos como os de Amalia non os fai ninguén.

MARUXA: Casaches mal. Ai, neniña se te chega a coñecer cun prato de callos na man déixasme sen netos. Arrecarai, lambón.

MANOLO: Eu reitérome nos callos. O demais é literatura.

AMALIA: Ai, oh. Como sodes de zalameros... A ver Maruxa, ti non me farías un favor ghrande, ghrande, ghrandísimo?

MARUXA: E logo, que pasou?

AMALIA: Mira, ando media presa da columna. Teño aquí as inxeccións.

MARUXA: Amalia, xa che dixen que non volvía poñer unha.

AMALIA: Anda, que non quero ir ao ambulatorio, a ver se vou coller o bicho. Anda, se a ti non che custa nada. Que tés unhas mans de ouro. (Bícalle as mans.)

MARUXA: Ti si que es zalamera. No brazo ou na cacha?

(Amalia abalánzase contra a mesa poñéndolle o cú a Maruxa.)

LEO: Oh, my god! E bótase na mesa. Isto é carne de Tik tok. (Co móbil na man.)

AMALIA: Home, non me grabes así. Vén o domingo ao centro cívico e grábame cantando coa coral, vestida de negro, que me fai máis delgada.

MANOLO: Neno, ten respecto.

LEO: Que era broma. Pero é unha pena, éste facíase viral. Título: cachas, inxeccións e grelos.

AMALIA: (Á avoa.) Non sabes o favor que me fas.

MARUXA: Se souberas o nerviosa que me poño non mo pedías. Hala, xa está.

AMALIA: (Levantándose.) Así deus cho pague. Voume logo. Non molesto máis.

MANOLO: Pero queda a comer, muller.

AMALIA: Non, así aproveito e vou limpar dous portais que me quedan pendentos.

MARUXA: Menos portais e máis pilates.

AMALIA: Si, pero entre o fillo que non cobra, as netas estudando e a derrama do tellado, non chego a fin de mes coa pensión. Así que polo de agora nin pilatos nin pilatas.

MARUXA: (Acompañándoa á porta.) Amalia, fanche falta cartos?

AMALIA: Como a todos, non? Non te preocupes, neniña. (Cóllelle a man.) Se me fan falta xa cho digo. Adeus!

TOD@S: Adeus.

(Sae Amalia. Portazo e escuro son un.)

(Noite. ANA e MANU na cama. Luz de móbil e ordenador. Ela está a rematar un cartaz.)

MANU: (Escóitanse sons de me gusta en Facebook.) “-Cuántas veces te he dicho que vives anclado en el pasado? -Cantidubi.

ANA: (Ela ri.) Quen o publicou?

MANU: Anxo, un compañeiro novo. Parece un miñaxoia que non se entera de nada, pero ten un sentido do humor moi cabrón. Non coma éste que si que é un cabrón de verdade “Cuando hay que arrimar el hombro. La empresa somos todos.” Hai que ter collós.

ANA: En serio?

MANU: Home. Éste está casado cunha curmá do xefe. Xa lles teño visto algunha foto de comelladas de familia. Claro que “la empresa somos todos” porque éste benefíciase dos beneficios, entendes?

ANA: Déixao, anda, non te cabrees antes de durmir, que logo non descansas.

MANU: Que máis da. Como vou descansar se levamos tres meses sen cobrar.

ANA: Non podedes seguir así. Tedes que facer algo. Mobilizarvos.

MANU: “Mobilizarnos”. Xa parecez o meu pai. Pensades que porque traballo dentro de Bazán, isto son os anos 70. Pois a ver se vos enterades de que traballo nunha merda de compañía auxiliar, que nos contratan e despiden por whatsapp. Como imos mobilizarnos? Levo sete contratos no que vai de ano e nin sequera somos sempre os mesmos.

ANA: Eu só digo que sodes moitos na mesma situación e algo podíades facer.

MANU: Ah, si? E por que non deixas de darme discursiños e aplícaste ti o conto? Podíades crear unha asemblea de deseñadores gráficos... Ai, non, que xa nin centros de traballo tedes. Que vos teñen traballando 18 horas ao día desde a casa. E iso no caso de que teñades a sorte de que vos fagan algún encargo, claro.

ANA: Tés razón. Estamos todos tan deprimidos e tan divididos que parece imposible facer algo.

MANU: Na época dos nosos pais era máis fácil.

ANA: Máis fácil? Recórdoche que vivían nunha dictadura.

MANU: E onde vivimos nós? Noutra dictadura, peor todavía. Antes estaba claro quen era o enemigo, pero agora nin sabemos quen é. Ti sabes quen che rouba os proxectos e abarata os prezos? Sei eu quen nos quita a carga de traballo e nos reduce o salario? Mira, eu teño que durmir. Mañá madrugo para ir á oficina da empresa. E remata pronto, que se che escoito teclear non durmo.

ANA: Vale, xa apago. Pero dame un bico antes de durmir.

(Achéganse para darse o bico, cando se van achegando as bocas... ela pecha o ordenador.)

(Uns segundos de escuro e vese a luz do móbil del.)

ANA: Que fas?

MANU: Mirar se cobrei.

ANA: Durme, anda. Vén aquí.

(Escuro.)

(Diante da oficina da empresa. Manu está falando por teléfono. Andrés sentado nunha banqueta pregable. Anxo escribe no teléfono.)

MANU: Non me quedou un papel enriba da mesa? Que mesa vai ser? A mesa do comedor. (Revisa a carpeta.) Ai, non espera, que está aquí. Vale, pois nada. Ata logo. Si, veña. Adeus. (Colga.) Era o que me faltaba, menos mal que o teño aquí.

ANDRÉS: Non te preocupes, que che daba tempo a ir á casa e volver. Aínda temos para rato.

ANXO: Ti xa vés todo preparado.

MANU: Eu non sei de onde sacas a paciencia. Tres meses sen cobrar. A obra feita e nós a esperar sen ver un peso. Pero que carallo é isto?

ANDRÉS: Somos uns pringaos. A última carta da baralla. A compañía auxiliar da compañía auxiliar.

ANXO: Pero eu non entendo por que non nos pagan. Porque nos pasamos do presuposto?

MANU: Todas as compañías pasáronse do presuposto que había para a fragata, algunhas un 20 ou un 30% máis. Pero eles cobran. Cobran todo! E o que se pasan tamén. E nós tres meses sen cobrar. A ver como se explica iso.

ANDRÉS: Explícocho eu. Primeiro come o boi, logo come o porco e despois o burro.

ANXO: E quen é o boi?

ANDRÉS E MANU: A empresa principal.

ANXO: Xa. E o porco?

ANDRÉS: Os donos desas empresas que teñen contactos con alcaldes, con altos mandos... "Hombre, Borja Mari, para cuando lo mío? No querrás unas fragatas como las que le hicimos a Australia, eh?, jejeje."

ANXO: Vale, entón os burros somos nós.

ANDRÉS: Moi ben, neno, moi ben. Ti vas chegar lonxe nesta compañía. Véxote de encargado.

MANU: Pois o burro un día vailles pegar unha couce que lles van saltar os dentes. Eu teño á muller traballando ata as tres da mañá. E agora vou ter que vivir da pensión dos meus pais.

ANDRÉS: Non te queixes que miña nai ten que fregar escaleiras porque, por axudarnos, non lle chega a pensión.

MANU: Pero eu non lles quero pedir un peso, xa gastaron moito en min toda a súa vida.

ANXO: Pois eu sigo vivindo coa miña nai porque nunca me deu para pagar un aluguer. Os pais tamén están para axudar, non?

MANU: Anxo, métete no teu. Ti que saberás os cartos que os meus pais gastaron en min.

ANDRÉS: Tranquilo Manu.

MANU: Nin tranquilo nin ostias. Mira rapaz, eu non sei como é a túa vida, pero eu fun toxicómano. Un ionqui de chándal e atraco con destornillador, entendes?

ANXO: Entendo. (Impresionado.)

MANU: E co que me costou ter unha vida limpa, se traballo, quero cobrar.

ANDRÉS: Si, oh. Pero non comas ao chaval, que está fodido coma nós.

MANU: Descúlpame Anxo. Estou rabioso e xa me dou con todo o que se me pon diante.

ANDRÉS: (A Anxo.) Ti cantos anos tés?

ANXO: Trinta. Vou polo terceiro ciclo de FP e é a primeira vez que teño traballo, quitando as prácticas.

ANDRÉS: Dios! O que che queda por cotizar.

MANU: Cago en todo! Por que non lle faría caso ao meu pai? Por que non prepararía as probas para entrar na principal?

ANXO: A verdade é que sendo fillo de bazaneiro é unha pena que acabes aquí. Seguro que nesa época podía enchufarte sen problema.

ANDRÉS: Home, iso é moito dicir. Pero a verdade é que moito perdimos o tempo, eh Manel? Empezas a faltar a clase e a andar fumado todo o día pensando que iso é vivir con maiúsculas. Pero en realidade, se te deixas levar, aí comezas a cavar a túa propia tumba. Eu saín pronto, porque o meu pai morreu e tiven que empezar a traballar. Aínda que respecto ás drogas poderíase dicir que non mellorei moito. Daquela metíamos cada esnifada de amianto... Os sábados facíase limpeza e os engrasadores collían unha manguera de aire para limpalo e ciscábano todo.

Traballabamos no medio desa nube de amianto. Algúns xogaban a tiralo por riba doutros compañeiros en plan broma. Vaia tempos.

ANXO: Buah, que pasada, o que fai a ignorancia.

MANU: Máis ben o que son capaces de facer os de arriba para enriquecerse. Envelenar á xente, se fai falta. Eles sabían o tóxico que era, pero deulles igual.

ANXO: Agora tamén facemos cousas chungas. Pero eu, por mil euros, fago o que faga falta.

(MANU e Andrés miran alucinados.)

ANDRÉS: (Colle o móbil e móstralle a Anxo.) Por iso sempre lles digo ás miñas fillas que estuden. Para que non fagan calquera cousa por mil euros.

ANXO: Que guapas. Oh, pero son idénticas.

ANDRÉS: Son xemelgas. Unha está estudando enxeñería informática, vaia notazas. E a outra filoloxía inglesa e anda metida en cousas de teatro. Pero tampouco o fai mal.

ANXO: Canto tempo levan na carreira?

ANDRÉS: Están en terceiro.

ANXO: Gastarán unha barbaridade, non?

ANDRÉS: Non te creas, como manter un coche, cada unha.

MANU: Un coche caro de carallo.

ANDRÉS: Fanme desconto porque sempre collen a mesma habitación. Pero entre aluguer, luz, auga, gas e compra, a cousa ponse dura.

ANXO: Pero podes estar orgulloso, Andrés. Polo menos téis familia. Eu xa perdín a esperanza. Cada vez que penso o que custa unha cea e un cine, acábaseme o romanticismo.

MANU: Como este mes non cobremos préndolle lume a algo. Empezo por esta oficina e logo a ver quen me para.

ANDRÉS: A Manu le gusta la gasolina, dame más gasolina. (Achégase a Manu.)

MANU: Quita de ahí, oh.

ANDRÉS: E ti que fas co móbil todo o tempo, se non téis moza?

ANXO: Pois miro o Instagram. E a banca electrónica a ver se nos pagan.

ANDRÉS: Miña xoia.

ANXO: Ás veces esperto pola noite soñando que cobrei. E collo o móbil, e miro, e... xa non volvo pegar ollo en toda a noite.

(Soa o móbil de Manu.)

MANU: Para, para, para. Pero que pasou? Onde estades? Imos para alá.

ANXO: Que pasa?

MANU: Que están indo os compañeiros para a porta do asteleiro.

ANXO: En serio? Sen pedir permiso? E se nos despiden a todos?

ANDRÉS: Como se nota que es novo nisto. Primeiro paso: para loitar polo que é xusto non se pide permiso, compañeiro.

MANU: Avisa a quen poidas.

ANDRÉS: Segundo paso: (dicta un audio de whatsapp). Compañeiros, isto non pode continuar así. Imos para a porta do asteleiro. Avisade a todo dios. E traede banquetas.

MANU: Andrés, non te pases de gracioso que isto é moi serio.

ANDRÉS: (Audio.) Vale, banquetas non.

(Na casa. ANA, LEO, MARUXA, Avó e Amalia.)

ANA: (A LEO.) E ti non téns nada que facer? Deberes ou algo?

LEO: Nada. Só teño que facer un traballo, pero é para entregar a semana que vén. Non me mires así que teño todo controlado. Con buscar en Google o día anterior, listo!

ANA: E de que vai o traballo ese?

LEO: É sobre o 2 de maio en Ferrol.

ANA: 2 de maio?

LEO: Si, cando mataron a aqueles dous obreiros da Bazán. Os da estatua esa das Casas Baratas.

ANA: Aaah..

MANOLO: O 10 de marzo de 1972.

LEO: Iso! Seica é o 50 aniversario este ano, ou algo así.

MANOLO: (Para si.) 50 anos...

ANA: (Ao fillo.) Pois estás de sorte. O teu avó sábeo todo sobre o tema. Podes aproveitar e así facedes algo xuntos.

LEO: Non fai falta. A ver se atopo algo xa feito en internet. Copio, pego e listo!

ANA: Home, non me compares!

LEO: Si, claro, vou comparar o traballo dalgún experto en historia coas batallitas do avó. (Ri.)

ANA: (Moi seria.) Fai o favor de falarlle ao teu avó con respecto. Non é ningunha batallita. El estivo alí.

MANOLO: Eu e moitos...

LEO: En serio, estabas alí? E como empezou todo?

MARUXA: A cousa xa viña de moito atrás. O ambiente xa estaba caldeado desde o ano 66, cando quixeron despedir aos de Obras Civiles de Bazán.

MANOLO: Logo veu o conflito da Pysbe, Megasa, Fenya, o ferrocarril, os aprendices despedidos, o peche da Peninsular maderera... E o estado de excepción no ano 70.

AMALIA: Nunca esquecerei cando os da Peninsular se pecharon na mesmísima concatedral de San Julián.

LEO: En serio?

MARUXA: En serio. Ah, e os estudantes tamén fixeron o seu no 68. Que xa podíades tomar nota.

LEO: E iso da Pysbe que era? Parece o nome dun pub.

MANOLO: Pesquerías y Secaderos de Bacalao de España. Pero diso mellor que che fale a túa avoa.

MARUXA: Non mo recordes. Era un traballo temporeiro pero moi duro. Cando chegaba un barco, descargábamolo e logo a secar follas e follas de bacallau naquelas cámaras que cheiraban a amoniaco que confundían. E o frío... nunca pasei tanto frío na miña vida. Non sentías nin os pés nin as mans. (Móstralle as mans ao neto.) Ves estas marcas? Son de espiñas de bacallao.

AMALIA: Miña nai tamén traballou alí. Decía que aquilo era unha escravitude.

MARUXA: A ver, non todos os capataces eran iguais. Pero a maioría tratábante cun desprezo...

AMALIA: Fixeches ben escapar dalí en canto puideches.

MARUXA: Despois das folgas da Pysbe pola ameaza de despido, acabei traballando nun comercio. Non era tan duro, pero cobrábamos a metade do que poñía na nómina, verdade Amalia?

AMALIA: Acórdaste cando lle protestamos ao encargado e o tipo soltouche: “usted cállese bolchevique!”.

(As dúas rin con certa morriña.)

MARUXA: Peor era cando che botaban o brazo por riba do ombro: “Tú eres de la familia, mujer”. E a calar...

AMALIA: É verdade, no comercio case ninguén protestaba. Facíanche crer que aínda lles debías algo.

MARUXA: Collíante a soas e manipulábante. Nas empresas grandes era diferente, eran moitos pero estaban máis unidos e podían facer máis forza.

LEO: Pensei que ti sempre traballaras no hospital.

ARUXA: Ui, iso foi moito despois... Xa tiña ao teu pai cando saquei auxiliar de clínica. Pero tiven que empezar a traballar cando o meu irmán Antonio comezou a estudar.

LEO: E iso que ten que ver?

AMALIA: Ai, burriña mantida a molete... Vós pensades que as cousas sempre foron como agora...

MARUXA: Na miña casa só había cartos para os estudos de un, e cando o meu irmán máis novo tivo a idade, decidiron que estudara el e eu púxenme a traballar.

LEO: Pero sigo sen entender que ten que ver iso...

AMALIA: Pois que se había que escoller quen tiña que estudar, sempre escollían ao home. Pensaban que tería máis futuro e que era o mellor para a familia.

LEO: Pois paréceme moi inxusto. Co intelixente que ti es, poderías ter sido unha boa médica se quixeras.

AMALIA: Ésa é unha de tantas. Para sacar o carnet de conducir, ou o pasaporte, tiñas que facer un ano de servizo social en Falange, se eras solteira. E se estabas casada, o teu home tiña que firmarche un permiso.

MARUXA: E para abrir unha conta no banco igual.

LEO: Que forte. Como os talibáns... Ou sexa, que cando pasou o do 72 todo o mundo estaba moi cabreado. O que non entendo é que se cabrearan os da Bazán, porque, perdoa que cho diga avó, pero que eu saiba os bazaneiros son os obreiros mellor pagados da comarca.

MANOLO: Iso foi despois. Para chegar a un convenio digno houbo moita loita, cárcere e incluso sangue. Antes diso moitos tiñan un segundo traballo para poder sacar á familia adiante.

(O rapaz colle da mochila caderno e bolígrafo.)

LEO: Pero como chegastes ao do 10 de marzo, entón?

(Vaise facendo escuro e escóitase a voz do avó en off. Marchan de escena. Flashback. Entra alguén cunha lanterna. Ilumina o fondo do escenario onde aparecerá o interior dunha igrexa. Comeza a chegar xente á reunión. Sen palabras vanse representando as diferentes escenas que o avó vai describindo.)

MANOLO EN OFF: Xa levabamos tempo organizados. Daquela só existía o sindicato vertical, que era do réxime, pero desde os anos 60 fóronse introducindo compañeiros das comisións obreiras, grazas, en boa parte, a algúns curas progresistas que nos apoiaban na causa. Fóra do asteleiro, organizábanse asembleas en locais sociais e igrexas ás que asistían sindicalistas, comunistas, socialistas, anarquistas, curas, católicos da irmandade obreira, e algunha xente que non estaba en ningunha organización pero que formaban parte do movemento. Os libros prohibidos circulaban en segredo. Chegamos a organizar unha biblioteca volante, os libros ían pasando de man en man. Era moi perigoso gardar eses libros na casa. Moitos agochábamolos ben envoltos entre as silveiras e sempre pola noite, para que non te viran.

LEO EN OFF: Serían libros de política, claro.

MANOLO EN OFF: Si, pero tamén de filosofía, novelas prohibidas. De feito o libro máis manoseado era un de educación sexual. Quedou destrozado o pobre.

MARUXA EN OFF: Si, e máis algunha revista francesa con mozas lixeiras de roupa. Se vas contar, conta todo.

MANOLO EN OFF: Ejem! Centrémonos no importante, Maruxa. Logo estaba a propaganda. Había varios puntos onde se escondían máquinas multicopistas que imprimían as octavillas. Tiñan que estar en sitios apartados porque facían ruído e tiñas que ter moito coidado de que non che quedaran as mans cheas de tinta, iso podía delatarte. Pero había aínda algo máis perigoso. O reparto.
(Soa La mala reputación. Reparto de propaganda. Policía. Escapada.)

(Ana e a súa amiga Alicia de parola nunha cafetería.)

ANA: Así que marchas para Londres. Que envexa.

ALICIA: Boh, pois vente. Xa che dixen que estaban a buscar xente. E ti es especialista en deseño publicitario pero daslle a todo. Teríalo moi fácil.

ANA: Xa pero eu teño a miña vida aquí. Leo está en plena adolescencia. E ademais hoxe en día non fai falla marchar. Practicamente todo o noso traballo faise online.

ALICIA: Pero é que non se trata só do traballo en si, Ana. É coma todo, unha cuestión de contactos. Coñecer xente en persoa é o que che da máis posibilidades de conseguir proxectos interesantes. E sábelo moi ben.

ANA: Si que o sei. Lémbreste de Pablo, que sempre nos levantaba os proxectos bos?

ALICIA: Xa o creo que me acordo. Tremendo trepa. Xa cando estudabamos peloteaba a todos os profesores.

(As mulleres rin con picardía lembrando aquela época.)

ANA: Por certo. E que foi del? Hai tempo que non sei nada.

ALICIA: Está no departamento de deseño de Radio televisión española.

ANA: Vaia braguetazo! Quen o pillara.

ALICIA: Claro, neniña, pero para iso hai que saír da zona de confort. E facer contactos, que non me canso de dicircho...

ANA: Zona de confort, dis? Estou comezando a pensar que non hai nada máis incómodo que a zona de confort.

ALICIA: Volvedes estar mal ti e Manu?

ANA: Coido que xa non sei distinguir cando estamos ben ou mal.

ALICIA: Pero pasou algo?

ANA: Agora ten excusa porque teñen problemas moi gordos no traballo, pero leva moito tempo enfadado coa vida. E estou empezando a cansarme de tanta queixa para logo non facer nada.

ALICIA: Xa non é a primeira crise, nin a primeira vez que pensas en separarte. Por que non vos dades un tempo e vés unha tempada para Londres? Cando un está atrapado nunha situación, o mellor é tomar distancia para ver as cousas máis claras. Se botas de menos a túa vida vólveste e se non, a vivir! Mira, eu como non estou nada segura da reencarnación, vou tentar vivir todas as vidas que poida dentro desta, por se acaso.

ANA: Se fose antes de ter a Leo... Non sei, véxome moi maior, en canto me descoide teño cincuenta anos.

ALICIA: Pero en canto che empecen a ir as cousas ben podes levar a Leo contigo, sería unha oportunidade para el tamén. Ademais, os cincuenta son os novos trinta... (As dúas rin con complicidade.) Que? Queres que lle fale de ti á miña coordinadora?

ANA: Non sei Alicia. Deixa que o pense, non me agobies, anda.

(Aparecen Anxo e Andrés.)

ANDRÉS: (A Anxo.) Mira, esa é a muller de Manu.

ANXO: Cal delas?

ANDRÉS: A de pelo curto.

ANXO: Parece simpática, non me pega nada con Manu.

ANDRÉS: (A ellas.) Así se levanta o país. Canto tempo Ana, e compañia.

ANA: Ésta é Alicia, non te lembras?

ANDRÉS: Claro, a madriña de Leo.

ANA: Exacto, pero sempre anda traballando fóra por iso non nos vemos moito. Queredes tomar algo?

ANXO: Temos agora unha concentración.

ANDRÉS: Non che contou Manu?

ANA: É verdade, por fin conseguistes facer algo.

ANXO: Si, a ver se chegamos a un acordo....

ANDRÉS: Pero eu non me fío. Por certo, éste é Anxo, un compañeiro.

ANA: Ah, o compañeiro novo? Manu di que se parte cos teus chistes no facebook.

ANXO: Faise o que se pode...

ANDRÉS: Veña, imos, que xa vai ser hora.

ALICIA: Forza compañeiros.

ANXO: Grazas, a ver que pasa... (Os homes marchan.)

ANA: (Imita a Alicia, con intención.) "Forza compañeiros".

ALICIA: Que pasa?

ANA: Veña Alicia, que nos coñecemos.

ALICIA: Boh, ti alucinas.

ANA: Anda, imos, que teño que entregar un traballo dentro de dúas horas e aínda me faltan un par de detalles.

ALICIA: Vale, pero dime que vas pensar o de Londres.

ANA: Sabes que pasa, Alicia?

ALICIA: Que?

ANA: Que teño medo.

ALICIA: De que?

ANA: Coido que se marcho xa non voltarei nunca.

(Proxéctase un vídeo de mobilizacións con música punk. Chegan Andrés, Anxo e Manu.)

ANDRÉS: Isto vai para longo. Ves como tiña que traer a banqueta?

ANXO: Pero a que estamos agardando?

MANU: A que veña a prensa. A TVG, ou polo menos o Diario.

ANDRÉS: Pois non che sei, porque hoxe xoga o Racing contra o Tudelano e iso consume moitos titulares.

ANXO: (Berrando.) Queremos cobrar. Hoxe mesmo!

ANDRÉS: Vaia consigna. Así non te vai seguir nin dios. Tés que usar un megáfono e algo que rime.

MANU: Mira para aquí, catro gatos. Aínda por riba soportar a eses idiotas que nos están mirando mal. Señor, se non lle gustan as manifestacións, vótelle ao Cid e Campeador e déixenos en paz.

ANXO: Iso tampouco rima moito.

MANU: Anxo, non me toques os collós, que bastante temos con ter que vir a defender á nosa empresa para poder cobrar.

ANDRÉS: Agora en vez de loitar contra o estado represor está todo tan externalizado que tés que morrer pola túa empresa para que a outra lle pague.

ANXO: Iso non o acabo de entender. As fragatas non as paga o estado?

ANDRÉS: A ver, Anxo, cando papá estado coñeceu a mamá Australia díxolle: “Mira ruliña, e ti non queredías unhas fragatas, que as teño ben frescas?” E Australia dixo: “A canto vai cada fragata?” E así empezaron a regatear entre eles, un recortiño por aquí, unha axudiña por alá e ao final, o único que se lles esqueceu foi...

MANU: Pagarnos a nós! A partida máis cativa. E agora aos sindicatos, ao concello e aos compañeiros dámoslles igual... Árdeme o sangue. Onde están os da principal?

ANXO: Ao mellor dalles vergonza saír con nós porque somos poucos.

ANDRÉS: Pois como non nos poñamos todos dacordo isto non ten moito sentido.

MANU: Si que o ten. Agora tócanos a nós. Pero mañá serán outros. Como sigamos así, esta cidade quedará valeira, espida... Vánsenos ir as mulleres e os fillos. E isto non vai ser máis que un pozo de xubilados e parados.

ANXO: A verdade é que traballamos moitísimo. Eu non sei, tiña a ilusión de cobrar despois de rebentarme tanto... Ata lle pedín un préstamo aos meus pais para mercar un patinete eléctrico.

ANDRÉS: A culpa é nosa, por seguir traballando sen cobrar.

MANU: Nin un finiquito nos pagaron. Ademais, que isto non é asunto noso. Nós non temos nada que ver coas lérias que se traen as empresas. Traballo feito, traballo pagado. E non hai máis.

ANXO: Esa gústame. (Polo megáfono.) “Non hai máis. Se curramos, nós cobramos.”

ANDRÉS: (A Manu.) Vai mellorando o rapaz.

MANU: Trae para aquí ese megáfono. “Compañeiros, aquí non se sabe nada. Ninguén sabe nada dos nosos cartos. Só teñen présa para sacarse fotos con empresarios e xerifaltes. Nós fomos os únicos que cumprimos. Isto é unha vergonza. Unha inxustiza. Para que loitaron os nosos pais? Para que foron ao cárcere?

As nosas esixencias son moi sinxelas.

Se queren que sigamos traballando, que paguen.

Basta xa. Basta de promesas. Basta de mentiras.

Non é un contrato nin un impago. É o futuro da nosa comarca. Agora tocounos a nós, pero mañá serán outras empresas, e logo os autónomos e despois os xubilados.

Que imos deixar atrás de nós? Que dirán os nosos fillos e os nosos netos? O meu pai e o de outros tantos, ten un cancro por culpa do amianto. Vai morrer. E sabedes o que máis coraxe me da? Ter que mirarlle á cara e pedir ao ceo que non morra porque teño que vivir da súa pensión.

E que nos din? Que teñamos paciencia, que nos tranquilicemos.

Para que traballamos se non podemos nin mirar á cara aos nosos pais. Xa está ben de tanto castigo, de tanto desprezo, de tanto esquecemento.

Merecemos moito máis. Contra o capital, folga xeral.”

(Todos repiten a consigna. Baixa un pouco o volume para escoitar a Andrés e Anxo.)

ANXO: Que ben fala o condenado.

ANDRÉS: De casta lle vén ao galgo.

MANU: (Ao megáfono.) “Aquí non vén ninguén. Aínda queredes saír na TVG...? Pois imos saír en todas as televisións. Compañeiros! Cortemos as Pías!”

(Os traballadores van marchando.)

ANXO: Andrés, de verdade que imos cortar as Pías?

ANDRÉS: Si, rapaz, si. Como nos vellos tempos. (Acende un pitillo e marchan.)

(Escoitamos como chega a policía e as voces que se van alonxando.)

(Escola. Leo presenta o seu traballo na clase. En proscenio os alumnos sentados en cadeiras de costas ao público. A mestra, de pé, fálalles.)

MESTRA: Sei que a moitos de vós, estudar historia parécevos unha perda de tempo, un acumular datos que non teñen ningunha utilidade práctica, pero tamén sei o importante que é para vós a identidade.

Por iso tedes que saber que coñecer a nosa historia é imprescindible para comprender quen somos realmente como individuos.

Hoxe comezaremos as exposicións dos traballos sobre o 10 de marzo. (Escóitanse algunhas queixas e voces de susto.) Espero que disfrutárades da investigación...

(escóitase algún riso, pequenas burlas entre os alumnos.)... si, dixen disfrutar, ao fin e ao cabo é un importante episodio da nosa historia recente e o marabilloso é que aínda podedes atopar pola rúa, ou mesmo nas vosas familias, a moitos dos seus protagonistas. Non vos parece alucinante?

Quen quere empezar?

(Leo levanta a man.)

MESTRA: (Sorprendida.) Leo? Vaia, que sorpresa. Estupendo, vén. (Leo érguese e vai onde a mestra.) Como se titula o teu traballo?

LEO: De marzo a marzo.

MESTRA: De marzo a marzo? Por que ese título?

LEO: Os meus avós viviron isto desde dentro. Cando comecei o traballo pensei que sería cousa de tomar nota das súas anécdotas e batallas do pasado. Pero a medida que avanzaba funme dando conta de que o espírito do 72 segue vivo neles, na educación e os valores que me deu a miña avoa, na capacidade de loitar e de amar da súa amiga Amalia ou o meu avó, que segue erre que erre para que se faga xustiza coas vítimas do amianto.

Por iso de marzo a marzo. Porque me decatei de que non se trataba dunha anécdota, porque eles seguen vivindo nese espírito solidario.

MESTRA: (Visiblemente emocionada.) Adiante.

(Leo comeza a expoñer mentres vai proxectando imaxes cun mando.)

LEO: Como dixo a miña avoa, en Ferrol o ambiente xa estaba caldeado desde o conflito de Obras Civiles da Bazán en 1966 cando quixeron despedir a máis de mil traballadores e organizouse a primeira gran manifestación despois da guerra civil. Tiñan o apoio de gran parte das familias obreiras e dos curas progresistas. A partires de aí todo cambiou. Logo viñeron outras folgas e loitas en diferentes empresas da cidade. (Vense imaxes antigas das diferentes empresas.) A principios dos anos 70 ata se atrevían a mobilizarse en contra da represión e pola liberdade dos representantes sindicais que detían.

En 1972, na Bazán, tocaba negociar o novo convenio laboral. Daquela os obreiros tiñan que traballar doce horas para poder subsistir. Había moito traballo, pero pouco salario.

As primeiras reclamacións que se fixeron foron cobrar por oito horas o que estaban cobrando por doce e tamén, que o convenio da Bazán se negociase en Ferrol, xa que en Madrid, en Cádiz e Cartaxena, o Sindicato Vertical tiña moito poder nesas factorías, e sabían que defenderían os intereses da patronal e do réxime franquista. Pero en Ferrol había moitos militantes de esquerdas infiltrados e tratarían por todos os medios de que os traballadores saísen gañando.

COMPAÑEIRO: É que en Ferrol sempre fomos laidos.

COMPAÑEIRA: Ferrol mola!

(Risos de todxs.)

MESTRA: Ssshht. Si que mola, pero escoitade, que isto é serio. Segue, Leo.

LEO: Ante a negación da empresa de aceptar o aumento de salario, os obreiros empezaron a convocar paros e asembleas.

O 1 de marzo organizouse unha asemblea para informar da negativa da empresa e decidiron convocar paros os días 2, 3 e 4. Cada día que pasaba participaban máis e máis traballadores. O día 4 celebrouse unha asemblea que xa foi multitudinaria.

Neste ambiente de conflictividade chegamos ao 9 de marzo. Esa mesma mañá despediron a seis representantes sindicais, que xa non puideron acceder ao asteleiro. Cando os seus compañeiros se enteraron, foron de taller en taller informando da situación, en canto escoitaban a noticia paraban e xuntábanse ao grupo, de xeito que foron formando unha especie de cobra xigante que se movía por todo o asteleiro e que engordaba ao paso dos diferentes talleres. Ao final

concentráronse, entre a dirección e o dique número 2, máis de cinco mil obreiros da Bazán e auxiliares.

Fóra estaban os despedidos, acompañados dun amplo grupo de mulleres que se concentraron alí para apoialos.

Dentro pasaban as horas, repartían entre todos a comida que tiñan. A dirección mandábaos volver ao traballo, pero eles insistían...

DIRECCIÓN EN OFF: Disuélvanse y vuelvan a los talleres. Ya resolveremos lo de los despedidos en el momento oportuno.

(Mentres se escoita isto Leo pon un casco de obreiro e sobe a unha cadeira. Os demais marchan coas cadeiras e volven entrar con cascos.)

LEO: Ou se readmite aos nosos compañeiros e entran xa na empresa, ou non nos movemos de aquí.

OBREIRO 1: Está entrando a policía en grupos.

OBREIRO 2: Tranquilos, han de pensalo dúas veces antes de atacarnos.

OBREIRO 3: Eu non me fío. E aquí non temos escapatoria. Por un lado as murallas e polo outro o dique, coa altura que ten... como caia alguén non o conta.

OBREIRO 4: Isto non me cheira nada ben.

(Comezan os golpes e escóitase un balbordo que se vai facendo cada vez máis perceptible.)

LEO: Que está pasando por alá?

OBREIRO 1: Estanse movendo.

OBREIRO 2: Veñen cara nós. Vannos rodear.

OBREIRO 3: Compañeiros, temos que poñernos dacordo, como nos desaloxen pola forza, mañá presentámonos todos na porta a primeira hora.

OBREIRO 4: Os grises están atacando. Non van parar de pegarnos.

LEO: Hai que saír. Todos para a porta do Cantón!

OBREIRO 1: Somos moitos. Non cabemos pola porta. Imos quedar atascados.

OBREIRO 2: Movédevos. Hai que saír daqui.

OBREIRO 3: Eu salto a muralla.

MULLER 1: (Desde fóra.) Tede coidado. Están fóra esperándonos. Están zoscando aos que van saíndo.

(Todos van marchando de escena entre o público avisando do que está a pasar no asteleiro e corren a voz da convocatoria de folga o día seguinte. Crece o balbordo. Vemos ilustracións da multitude tentando saír. Escóitanse as protestas das mulleres que están berrando fóra.)

(É o 10 de marzo a primeira hora da mañá. Vemos o mencer. Van chegando obreiros á manifestación.

Do fondo da sala entra o coro cantando “A la huelga”. Van subindo ao escenario cantando, incorporándose á manifestación.

Cando xa están todos escóitanse disparos.

O coro corre dispersándose. Soa o tema “Ferrol 1972”.

Algúns caen. Outros tiran pedras.

Silencio.

Escóitase o “Laschia Chio pianga”. Todo ralentízase. Disparos ralentizados tamén. Toda a escena vaise movendo en cámara lenta ata chegar á escultura de Amador e Daniel. Escuro.

Silencio.

Fotos de Ferrol valeiro, de militares.

Igrexa. Soa Eric Satie de fondo. O cura da a homilía.)

CURA: Ante uns feitos que a todos nos conmoven profundamente, é preciso que reflexionemos con serenidade para que esta lección produza un froito positivo. Dúas vítimas inocentes, cuxo sangue clama agora as nosas consciencias e, sobre todo, ás de aqueles que coa súa actitude puxeron as súas mans sobre eles. Sería un novo crime non permitir que o froito deste sangue tan precioso chegue a perderse.

Debemos caer na conta de que non se trataba dunha acción subversiva, senón, polo contrario, dunhas reivindicacións de tipo laboral. Os obreiros non foron os iniciadores da violencia, como demostran os feitos dos que son testigos mudos

Amador e Daniel. Os seus cadáveres seguen berrando hoxe ante os nosos ollos para pedir xustiza.

Ferrol está de loito. Non volveu a normalidade, nin pode volver tan pronto. A nosa cidade está en pecado grave. Quen pode dubidalo? Os que impediron o diálogo humano son os máis responsables deste sangue derramado. Pero quizais estean durmidos e nin sequera isto os faga espertar.

Hoxe temos que saber perdoar. O perdón eleva a quen o ofrece.

Pero a paz é o froito do respecto aos dereitos dos demais, sobre todo daqueles que non disfrutaban de privilexios.

(O cura fai unha bendición ao público, fai reverencia ao altar e marcha.)

MULLER 1: Estivestes no enterro?

OBREIRO 1: Menos mal que moitos curas están con nós.

OBREIRO 2: Din que o bispo tamén está con nós. Polo visto tampouco se cortou na súa homilía.

MULLER 2: E xa houbo reaccións. Parece que un comandante da Mariña escribiu unha carta poñendo a caldo ao bispo.

MULLER 1: Que esperabas. Pois hai outra dun grupo de “matrimonios ferrolanos” que tampouco ten desperdicio.

MULLER 2: Tedes que andar con coidado. Van ir por vós antes ou despois.

(Escoitamos unha máquina de escribir e a voz en off do comandante e dunha muller criticando a homilía do bispo mentres se suceden as detencións.)

COMANDANTE EN OFF: Estimado señor obispo: He oído su escrito en la iglesia del Carmen. Usted metió en mi corazón una enquina que no me permitía prestar atención a algo tan sagrado como la celebración de la eucaristía. Salí casi en silencio y tan sólo dije una frase: “ESTO ES INDIGNANTE”, pero sin provocar el escándalo por respeto al sacerdote pero no al escrito que, permítame señor obispo,

no puedo respetar porque a mi entender va contra la caridad que usted tanto predica. Siento de veras la ausencia en su escrito de una palabra de afecto a esa parte de la población española que usted llama capitalista y que da a entender tanto odio y ésto no es caridad.

En su intervención ante los desórdenes y desmanes de unos revoltosos que usted llama clase oprimida, se olvida de que para armonizar la paz hay que dar la mano a los dos enfrentados.

Sus fuentes de información rezuman odio y parcialidad. La masa revoltosa que usted llama oprimida, que siendo tantos ya son un arma, iban surtidos de porras, piedras, cascotes de soldadura..., todas ellas de efecto tan mortal y más criminal que las balas de las pistolas que la policía se vio obligada a utilizar.

No es una homilía. La fraseología y literatura es comunista: "solidaridad obrera", "mundo obrero"...

La actitud era salvaje, con insultos, blasfemias, y la fuerza armada estuvo a punto de fenecer y tuvo que retirarse a posiciones más seguras. Disparaban al suelo, los heridos fueron de rebote, los graves fueron porque los manifestantes se tiraban al suelo...

(Casa familiar. Esquerda Amalia sentada nunha cadeira fronte a Andrés que está sentado no sofá, véndalle un pé. Ao seu carón Manu, por detrás del Ana poñéndolle xeo na cabeza. A avoa seca cunha toalla o pelo de Anxo, que está sentado nunha cadeira da mesa.)

ANA: Dóече moito?

MANU: Que va muller. Non é nada.

AMALIA: Cala, anda, cala, que van ter que tirar a porra coa que che deron, pero non é nada.

ANA: E denunciáchelo?

MANU: Intercambiamos denuncias. El declarará que lle provoquee unha esclerose múltiple por empuxalo e eu terei que quedarme coa ostia que me deu. O de sempre.

ANXO: Que va, que va. Se eu teño gravado todo.

MANU: En vez de axudar, gravaches mentres me estaban zoupando? Vaia futuro nos espera...

ANXO: (Vaille mostrar o vídeo.) Con zoom e todo, vese perfectamente. Aquí córtase, xusto antes de tirarme á auga. É que viñan como touros.

ANDRÉS: Estás feito un heroe, Anxo.

ANXO: Síntoo, tíos. Pero a miña xeración non é tan dura como a vosa. Levamos mal o das ostias.

ANDRÉS: Eu librei porque me torcín o pé ao principio de todo e xa me colleron rápido.

MARUXA: Eu xa chamei a María, avogada. Agora o que tiñades que facer é unirvos todas as compañías, que en todas se cocen fabas.

(Entra Manolo cunha bandexa de colacaos.)

MANOLO: Veña rapaces, tomade algo quente. A revolución empezou cun café.

AMALIA: (Ao fillo.) E ti a ver se te coidas un pouco. Tés que comer máis. Mira para aquí, danche un empurrón e xa che rompen os nocellos.

ANDRÉS: Mamá, de verdade que eran brutos. Entre a ostia que me deron e a que me din eu contra o chan... foi un dous por un. Se levo a banqueta, doulle con ella na cabeza.

ANXO: Eu cando empezaron a dar ostias case mexo por min. Os tíos saltando por riba dos neumáticos, todos vestidos de negro, sen que se lles vise a cara. Eu saltei á auga sen dudar.

ANA: Aínda tiveches sorte de que non che levaran o móbil.

ANXO: Porque non o viron. Eu tireino, pero como ten unha funda antichoque, librou.

MANU: (A Ana.) Contestáronche os de Londres?

ANA: Si.

MANU: E que? Contratánte?

ANA: Si.

MANU: E canto che van pagar?

ANA: Xa me deron un adianto.

ANDRÉS: Carallo, vós si que sabedes negociar.

MANOLO: Noraboa nora. (Dalle unha aperta.) Estamos moi orgullosos de ti. Voute botar moito de menos, porque te quero como a unha filla. Sábelo, verdade?

ANA: Ai, Manolo. Non fai falta que che diga que ti es o pai que nunca tiven. Grazas por todo.

AMALIA: Ai, por dios. Que ganas de chorar me están entrando.

ANDRÉS: Mamá, que é un momento íntimo.

AMALIA: Que íntimos nin que nada, se somos como irmáns.

MARUXA: E Leo, sabe algo disto?

(Entra Leo.)

LEO: Que falades de min?

MARUXA: O rei de Roma. Como che foi co traballo na escola?

LEO: Bah, foi xenial. A miña mestra acabou chorando e todo. E algúns ata aplaudiron. Grazas avós... e Amalia. E isto, por que parece a sala dun hospital?

MANU: Para que vexas o que valen os estudos. Mentres ti estabas falando do 10 de marzo do 72 a nós estábannos zoupando na ponte das Pías.

LEO: Pero non se vos pode deixar sós. Estades de foto. Hastag: ostias nas Pías 2022.

ANXO: Eu fixen un vídeo longuíssimo antes de tirarme á ría. (Móstrallo.) Mira, mira, xa teño ganas de que haxa outra. Pero para a próxima quedo para que me ostien. Ou, como mínimo vou facer unha escordadura, coma Andrés. Manolo, tería por aí unha galletas? É que hoxe non comín.

MANU: (Ao pai.) Ti ves con que material temos que traballar hoxe?

MANOLO: (Dándolle as galletas a Anxo.) Un diamante en bruto, home. Porque a día de hoxe, coa lei mordaza, se estas cousas non se filman, estás vendido.

LEO: A historia desta familia da para un documental.

AMALIA: Ou dous, se son pequenos.

MARUXA: Leo, deixa as cousas no teu cuarto e vente lixeiro, que temos que falar contigo.

LEO: Eh, que hoxe non fixen nada. Son eles os que teñen problemas coa policía.

ANA: Bule, anda. (Abrazando ao seu marido.)

(Leo vai levar a mochila.)

ANA: É mellor que veña comigo.

ANXO: Será mellor que me vaia, non?

(Maruxa faille un aceno para que non se vaia.)

ANA: (Collendo a cara do seu home.) Manu, Leo quere moito aos seus avós e a ti admírate, pero é mellor que o leve comigo. Non agora mesmo. Que remate o curso aquí.

MANU: Miraches o dos colexios?

(Ana asinte coa cabeza.)

MARUXA: É o mellor, ho. Que aprenda inglés canto antes, que iso ten futuro.

MANOLO: Ademais o teu fillo é intelixente e sensato. Sempre hai tempo a volver. A min paréceme unha oportunidade, tal e como están as cousas.

ANDRÉS: É lei de vida. (A Manu.) A ver se cun pouco de sorte a Ana acaba de executiva e sácate de traballar. (Rin.)

MANU: Andrés non te pases. Co que vale un aluguer en Londres vai ter que fiar moi fino.

MARUXA: A ver. Pero renta ou non renta? Porque tampouco te vas ir daquí por tres patacóns.

AMALIA: Muller, xa faría as súas contas. Onde se perda Ana, que me encontre eu.

MANU: Sinto moito estar sempre tan enfadado. Pero eu tamén estou moi orgulloso de ti. Se eu puidera dicir todo o que... (Fáiselle un nó na gorxa. Colle a Ana da man. E míraa ao ollos.)

ANA: Seino. E eu tamén. (Dalle un bico na fronte.)

(Maruxa e Manolo achéganse a eles. Manolo colle a man de Ana e Maruxa pásalle un brazo ao seu fillo por atrás.)

MARUXA: A vida é así. Loitar e esperar. Loitar e esperar.

(Entra Leo.)

LEO: Pero aquí está pasando algo fortísimo. Vale. Non sei que vos contarían, pero esas botellas que apareceron no instituto non eran miñas. Teño as fotos pero eu non teño nada que ver. Mandáronnas ao grupo...

ANDRÉS: Neno, ti cala, que estás nun campo de minas.

ANA: Teu pai e máis eu ímonos separar durante un tempo. Agora que teño unha oferta en Londres, chegou o momento.

LEO: E que teño, que escoller? En plan... a quen queres máis..., a papá ou a mamá?

MARUXA: Non te poñas melodramático e deixa falar a túa nai.

ANA: Xa teño buscado un instituto para ti.

LEO: Xa?

ANA: Para o curso que vén. E como imos estar noutro país, terás que estar atento e centrado. Xa tés quince anos e tés que ver a realidade. As cousas non van ben. Teu pai ten problemas para cobrar e os teus avós bastante teñen con coidarse. Podemos discutir, berrar ou enfadarnos, pero iso non vai cambiar nada. Leo, queremos que colabores. Necesitamos a túa colaboración. Porque xa é todo moi duro e non podemos con máis problemas. Necesitamos solucións. Contamos contigo.

ANXO: Que forte. A ti están dicíndoche isto aos quince e eu aínda non tiven esta conversa cos meus pais. Que sorte tés.

LEO: E que pasa co avó? Voume ir agora que está mal?

MANOLO: Leo, eu non estou mal. Eu estou enfermo, mellor dito, enfermáronme. Pero aquí estou. Estou vivo e fáltanme cousas por facer e por dicir. O que me pon mal é que ti creas que por irte a Londres nós imos pensar que non nos queres. A vida da moitas voltas e ti sempre poderás contar conosco. Que pensas? Que o teu avó é parvo? Eu estou xubilado e teño moito tempo libre e sei usar a internet. Chámanos cando queiras. Eu estarei aquí pelando patacas ou facendo barcos. Coa túa avoa, con Amalia e co teu pai.

MARUXA: Leo, poucas veces pode un marchar, pero aquí sempre poderás voltar.

MANU: Ti pórtate ben e cumple.

LEO: (A todos.) Entón, que vai ser de nós?

ANDRÉS: (Sinalando as feridas.) Niso estamos, rapaz, niso estamos.

AMALIA: (Vai onda Leo e cántalle con cariño.)

Una piedra en el camino,
me enseñó que mi destino
era rodar y rodar.

TOD@S: Rodar y rodar...

También me dijo el arriero,
que no hai que llegar primero,
pero hai que saber llegar.

(Escuro. O elenco sae do escenario cantando.)

TOD@S:

Con dinero y sin dinero
hago siempre lo que quiero...

CONTINUARÁ...